

MIRA (Santa María)

Por Evaristo Domínguez e Xosé M^a Lema

Santa María de Mira queda ó pé da chamada serra de Santiago (ou do Pico de Meda), que a separa da Terra de Xallas; no somonte desta serra nace o río de Mira, un dos formadores do río do Porto ou río Grande.

Uns anos antes de 1867 o seu territorio viuse incrementado coa incorporación da pequena freguesía de San Pedro de Follente, ata daquela a súa parroquia anexa. Non obstante, ata comezos da década dos sesenta do século XX seguíase a dicir misa con frecuencia e enterrar os defuntos no pequeno cemiterio que hai a rentes da igrexa. No Antigo Réxime unha e outra formaban parte da xurisdición de Vimianzo baixo o dominio señorial do conde de Altamira, se ben eran acumulativas as dúas da xurisdición real de Soneira. A súa extensión actual é de 4,5 km². Segundo outras informacións a superficie sería bastante distinta habida conta que o lugar de onde se tomou esta información tiña bastantes imprecisións nas lindes coa parroquia de Zas, polo que o seu tamaño real pode ser substancialmente distinto e, en todo caso, maior. Posto que na actualidade as dúas están unidas na de Mira e a información da que se dispón é maioritariamente dela, agás certos textos históricos, este estudo farase baixo esta denominación, aínda que eses citados textos que se inclúen máis abaixo indicaranse diferenciando as dúas entidades parroquiais.


Sumario

- 1. O relevo**
- 2. Hidrografía**
- 3. Xeoloxía**
- 4. Demografía**
- 5. A orixe dos nomes dos lugares da parroquia.**
- 6. A igrexa parroquial de Santa María de Mira: arquitectura, retablos e imaxes**
- 7. Os cruceiros de Mira**
- 8. A igrexa da ex-parroquia de San Pedro de Follente: arquitectura, retablos e imaxes**
- 9. A ermida de San Roque do Monte e as pitanzas de cregos e confrades**
- 10. Mira e Follente ó longo da historia**
- 11. O antigo pazo de Follente: dos Pérez de Antelo ós Loriga**
- 12. Follente 1823, un dos puntos de partida do primeiro mapa moderno de Galicia: a *Carta Geométrica* de Domingo Fontán**
- 13. Festas de Mira e Follente**
- 14. Inventario dos bens do patrimonio de Mira**
- 15. Bibliografía básica**

Está formada polos núcleos ou aldeas da Costa, Follente, Gontalde, Mira, Rosende, Teixidón e Ventoselo. Debemos aclarar que o núcleo da Costa (tanto a de Arriba como a de Abaixo) que en todos os nomenclátors aparece incluído na parroquia de Mira, o certo é que a ela so pertencen unhas pouquiñas casas da de Arriba, mentres que as restantes e a Costa de Abaixo están na de Zas que, pola contra, nunca figuraron incluídas nela en todos os nomenclátors consultados ó longo dos séculos XX e XXI.



Mapas da parroquia de Santa María de Mira. Fonte:
A) <http://www.ign.es/iberpix2/visor/>



B) PXOM de Zas

Esta parroquia está situada na parte centrooriental do concello de Zas, aínda que un pouco descentrada cara o norte. Linda, polo N e NE, coa parroquia de Santiago de Carreira; polo S, SO e O coa de Santo André de Zas e; polo E, coa de Santa Sabiña (concello de Santa Comba). Nun só punto –A Pedra dos Cregos– no seu vértice NO, chega a tocar tamén coa de Lamas. Nesta paraxe, que realmente é un pequeno penedo hoxe ilocalizable, conflúen catro parroquias: Lamas, Zas, Mira e Carreira; moi preto quedaría a de San Cremenzo. Da lenda de que nel se sentaban os catro curas cada un mirando para cadansúa parroquia xa se falou na parroquia de Zas.

Pola súa forma parece lembrarnos a un triángulo orientado de SE a NO, que tería por base os lindes con Santa Comba e o seu vértice oposto estaría na Pedra dos Cregos. Conxuntamente coa de Zas formarían un rectángulo case perfecto.

1. Relevo



Parte das parroquias de Mira e Zas, vistas desde Pico de Meda. Foto EDR

Tres zonas ben diferenciadas e outra un pouco menos nidia poden distinguirse no relevo de Mira: dúas zonas achanzadas a diferente nivel e a unión entre ambas con fortes desniveis, xunto cun pequeno outeiro preto de Montecelo e Gontalde.

A parte oriental, lindando co concello de Santa Comba, é unha zona máis ben chá que coincide cos cumes da serra de Santiago que terá por cumio máis destacado o Pico de Meda (situado entre as parroquias de Carreira e Gándara). Aínda que é unha zona achanzada non deixa de ter algún que outro pequeno outeiro coma o Marco Novo (531 m) como o máis destacado. Moi preto, pero en terras de Santa Comba, estaría a paraxe de Monte Chan, que fai referencia a esta chaira na parte superior da citada serra.

Esta zona chá nos lindes con Santa Comba é bastante estreita porque, de seguido, pasamos a unha segunda banda de pendentes bastante acusadas que sería toda a caída cara ó val que ten polo occidente. En apenas dous quilómetros pasaríase dos 531 m do Marco Novo ós 260 m de Rosende ou ós 250 m de Teixidón. Sería esta unha zona de transición entre as terras altas do cordal montañoso e as baixas e achanzadas do Val de Soneira, que conformarán a parte occidental de Mira. Indiquemos que nesta zona, nunha pequena chanceira, está a capela de San Roque do Monte (San Roque do Monte Coroado, segundo os documentos históricos) lugar onde se celebra unha concorridísima romaxe de merendas o último sábado de agosto.

Sería, en opinión de Pérez Alberti, un chanzo entre un bloque levantado ou *horst* (meseta do Xallas) e outro máis afundido (Val de Soneira).



Agras de Mira con Teixidón e Pedramaior (Carreira) e o Pico de Meda ó fondo (desde Ventoselo). Foto EDR

O borde occidental está integrado no Val de Soneira, zona de formas chás na que habería que sinalar un minúsculo outeiro nos arredores de Ventoselo e Gontalde (264 m e 242 m, respectivamente). O resto desta zona a penas pasa dos 220 m, mesmo no cauce do río de Mira. Deste outeiro cara o O vai descendendo moi suavemente ata os 198 m no Vao do Cervo. Este outeiro sería unha unidade de pequeno tamaño que apenas se diferencia do resto da chaira soneirá.

Na zona de contacto entre as pendentes e as zonas máis lisas do val é onde se asentan a maioría dos núcleos de poboación: Teixidón, Rosende, Follente e A Costa, agás Ventoselo e Gontalde e Mira.


2. Hidrografía

O río de Mira atravesará a parroquia cun trazado bastante sinuoso. Ten a súa orixe preto da paraxe da Pedra Branca, na zona amesetada do alto do cordal montañoso a uns 435 m de altitude. Outra minúscula fonte, moi preto da anterior situaríase en Canle Fiais. De seguida se xuntan os dous cursos seguindo unha dirección SSE a ONO ata pouco máis ó norte da capela de San Roque do Monte, onde se encurva e colle decididamente cara ó O, pasando preto de Teixidón, nome polo que tamén é coñecido. Leva esa dirección deica a igrexa de Mira, onde toma unha dirección S-N ata entrar na parroquia de Carreira.

Non é excesivamente caudaloso, porque o seu percorrido –uns 5 km en total- é curto, pero ó xuntarse co do Sisto, non moi lonxe de San Cremenzo, darán lugar ó brazo principal que formará o río do Porto ou Grande.

Debido á zona pola que transcorre presenta acusadas pendentes entre o seu nacemento e a aldea de Teixidón: en pouquiño máis de 2 km ten unha caída de 180 m, sendo uns 140 no último deles. Nin que dicir ten que esta é unha zona propicia para aproveitar a súa forza nos muíños. Pasada esa aldea ata a súa unión co do Sisto, nos 3 km restantes só descende uns 17 m.

3. Xeoloxía



Composición xeolóxica da parroquia:
http://info.igme.es/cartografiadigital/datos/magna50/jpgs/d0_G50/Editado_MAGNA50_68.jpg

Presenta una composición litolóxica case idéntica á que tiña a parroquia de Zas, con bandas orientadas de N a S seguindo a dirección do pregamento Herciniano. Por iso estes materiais serían do Cámbrico ou anteriores.

A parte máis oriental, que se correspondería coas maiores elevacións da serra de Santiago estaría formado por granito de dúas micas do Hercínico con grao medio a groso tipo Dumbria (1). Dentro desta zona collería a parte setentrional dun lentellón alongado de gneis glandular de época prehercínica. (2)

A seguinte banda (3), moito máis estreita estaría formada por xistos e paragneises con algunhas intercalacións de paranfibolitas do Precámbrico – Silúrico.

Segundo imos avanzando cara ó O atoparemos outra banda (4) máis ou menos ampla de xistos e paragneises con paranfibolitas intercaladas. Incrustada nela unha banda moi fina (5) de gneises félsicos con retroecloxita intercalada que volverán aparecer, de forma máis clara, pola parte occidental desta banda do Precámbrico ou do Cámbrico e que formarían parte do Complexo de Noia ou Fosa Blastomilonítica.

A ambas marxes do río de Mira, augas abaixo de Teixidón hai sedimentos do Cuaternario (Holoceno) formando unha chaira aluvial nun fondo de valgada. (6)

Nos arredores de Ventoselo e de Gontalde, coincidindo con pequenos outeiros coma o Cotón dúas pequenas incrustacións de ortogenis con anfíbol. (7)



O lugar de Rosende. Obsérvase a súa situación na zona de contacto entre a aba da montaña e as agras, así como a planitude destas (Foto EDR)

4. Demografía

A súa evolución demográfica foi como se indica a continuación: 31 veciños en 1607 (19 vc. de Mira, 12 vc. de Follente); 61 vec. en 1753 (42 en Mira e 19 en Follente), 50 veciños en 1769 (32 vc. de Mira, 18 vc. de Follente); 62 veciños e 372 hab. en 1791 (xunto con Follente); 42 vc. (28 vc. de Mira, 14 vc. de Follente) e 219 hab. (144 hab. de Mira, 65 hab. de Follente), en 1836; 43 veciños e 221 hab. en 1845 (28 vc. e 123 hab. en Mira; 15 vc. e 98 hab. en Follente); 291 hab. en 1928 (xa estaba unido Follente); 361 hab. (1965).

A evolución da poboación de cada unha das aldeas e da parroquia en conxunto ó longo do século XX foi a seguinte:

	1900	1910	1920	1930	1940	1950	1960	1970	1981	1991	1996	2000
Costa (A)*			18	17	31	28	29	33	14	7	7	9
Follente *	67	84	46	50	55	53	53	58	44	48	49	43
Gontalde	89		89	100	109	125	122	124	126	108	106	98
Mira			18	13	16	15	16	17	14	13	13	11
Rosende *	67	29	94	110	116	125	119	114	78	70	59	58
Teixidón	86	87	73	93	86	89	102	89	64	58	51	49
Ventoso			13	20	20	22	29	34	31	32	39	38
Outros *	12	69	39									
MIRA	244	239	351	403	460	457	470	469	371	332	324	306
Porcentaxes %	100	97,95	143,85	165,98	188,52	187,29	192,62	192,21	152,05	136,06	132,79	125,41

Evolución da poboación da parroquia, as súas aldeas e porcentaxes ó longo do séc. XX.


Ano 1900 = Índice 100%. O asterisco (*) indica as aldeas que pertencían á antiga parroquia de Follente

A evolución da súa poboación ó longo do século XXI foi a que segue. Obsérvese que nestes 16 anos perdeu case un terzo dos seus habitantes.

	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016
Costa (A)	9	10	10	9	7	7	5	5	5	5	5	5	6	5	5	6
Follente	42	42	42	40	38	37	36	36	34	33	32	31	31	28	28	28
Gontalde	97	90	89	88	85	85	83	78	77	74	70	67	66	66	65	65
Mira	11	11	11	11	11	11	11	11	10	11	9	8	8	8	8	8
Rosende	56	54	54	55	53	48	46	43	40	38	39	38	37	36	36	37
Teixidón	49	52	48	48	50	51	51	47	46	44	43	39	35	35	36	34
Ventoso	40	37	37	37	38	38	38	37	37	36	36	34	34	34	33	33
MIRA	304	296	291	288	282	277	270	257	249	241	234	222	217	212	211	210
Porcent. %	100	97,4	95,7	94,7	92,8	91,1	88,8	84,5	81,9	79,3	76,9	73	71,4	69,7	69,41	69,07
• (1)	124,6	121,3	119,3	118	115,6	113,5	110,7	105,3	102	98,77	95,90	86,88	88,93	86,88	86,47	86,06

Evolución da poboación da parroquia, as súas aldeas e porcentaxes no que vai do século XXI.

Ano 2001 = Índice 100%. * (1) A mesma porcentaxe se a comparación se fai coa poboación de 1900



Evolución do poboamento da parroquia e de todo o concello desde o 2001, en porcentaxes. Ano 2001= índice 100%.

Á vista dos datos anteriores poden sacarse algunhas conclusións:

- a) Que unha das datas na que menos poboación tiña era a comezos do século XX e polos datos do nomenclátor xa estaban incorporados os habitantes de Follente.
- b) Que iniciou un aumento constante ata os anos 70, nos que case dobraba a poboación que tiña a comezos de século.
- c) Que ata o 2009 sempre tivo máis habitantes que os que tiña en 1900
- d) Que a partir desa data comeza un lento pero constante e uniforme declive demográfico que fixo que no que vai de século perdese case un terzo da súa poboación.
- e) Que nos últimos dez anos a súa perda foi similar anque superior á do concello en conxunto.




Teixidón visto desde a pista do medio da agra. (EDR)

5. Orixe dos nomes de lugar da parroquia de Mira

O topónimo que dá nome ó lugar e á parroquia, **Mira**, ten unha orixe antiquísima, prerromana, pois está en relación coa palabra celta ou indoeuropea **miro* ou **mir* ‘curso de auga, río’. Ben certo, pois moi preto da igrexa pasa o río de Mira. Só hai unha parroquia con este nome en toda Galicia, que é esta, pero hai unha aldea en Seavia (Coristanco) e outra en Santiago de Trasariz (Cenlle-Ourense). En Portugal o concello de Mira, de 13.100 hab, no distrito de Coímbra, ten sona pola súa longa praia aberta ó Atlántico; nel instalara a antiga empresa galega Pescanova unha piscifactoría de rodaballo que antes tentara situar no cabo de Touriñán.

O **apelido Mira** lévano en Galicia unhas 1434 persoas e ocupa o lugar número 452 dos apelidos galegos. A súa zona de expansión está moi focalizada no interior da Terra de Soneira e Bergantiños - particularmente nos concellos de Coristanco (137 persoas que o levan, de primeiro ou de segundo apelido), Laxe (101), Carballo (99) e Zas (85)- e na cidade da Coruña (229). Iso indica ás claras que o apelido procede de calquera dos dous lugares dos concellos de Coristanco ou de Zas, quizais máis do noso, pois tamén dá nome á parroquia. O outro foco, o da cidade de Ourense (117 ocorrencias), tería a súa orixe na aldea do concello de Cenlle.

Gontalde, Rosende e Follente aluden a tres primitivos posuidores dos seus asentamentos, seguramente xa na época medieval. **Gontalde** seguramente fai alusión a un primitivo dono de orixe xermánica destas terras, un tal *Guntaldo*, no que o primeiro elemento é **gunt-* ‘combate’ e o segundo *-aldus* < *alds-* ‘vello, antigo’. **Rosende** é un topónimo repetido en Galicia (un total de 15 lugares: 6 na provincia da Coruña, 7 na de Lugo e 2 na de Pontevedra). O de Santa María de Ortoá (Sarria-Lugo) está documentado no ano 1091 como (*villa*) *Ranosindi* ‘vila ou granxa de Ranosindus’, antropónimo xa documentado en Galicia no ano 969 (un abade que tiña este nome). Pero, segundo F. Cabeza Quiles (2008: 313), os lugares así chamados tamén poderían vir de **(villa) Rudesindi* ‘vilas ou granxa de Rosendo’. O apelido Rosende lévano en Galicia 1832 persoas, concentradas en concellos do interior da provincia da Coruña, coma Tordoia, o que indica que a súa orixe




non está no da parroquia de Mira.

Hai un total de catro lugares co nome de **Follente** en Galicia: un na provincia de Pontevedra (concello de Caldas de Reis) e tres na da Coruña (concellos de Irixoa, Vilasantar e o noso de Zas). Procedería de **(villa) Fungentii* ‘vila ou granxa de Fulxencio’, o seu primitivo dono.

Teixidón alude a unha zona abundante en teixos (árbores). **Ventoselo** e **A Costa** son transparentes: o primeiro alude a un lugar desprotexido dos ventos e o segundo á súa situación xeográfica na aba dun monte ou outeiro.



Fachada da igrexa de Mira (foto XMLS)



5. A igrexa parroquial de Santa María de Mira

Presenta unha planta de salón formada por unha capela maior poligonal de cinco lado e unha nave rectangular (13,50 x 7 m). Apegada ó muro norte do presbiterio, unha sancristía rectangular (5 x 3 m). Na nave abríronse dúas capelas laterais cadradas (3 x 3 m) a cada lado.

A ábsida ou capela maior cóbrese cunha bóveda de forno nervada no seu tramo poligonal, e de crucería nervada no poligonal. A nave e as capelas laterais cóbrense con bóvedas de aresta.

A edificio sufriu unha reforma case completa entre 1949 e 1960, para a cal disque se derrubou a antiga igrexa na súa maior parte “sen dejar recuerdo de como estaba construída”. Sábese que en 1950 estaba construída a ábsida. De 1972 a 1980 acometeuse a segunda parte das obras, que consistiron en construír unha nova sancristía e dar recebo ás paredes e bóvedas interiores “a imitación de cantería” (como se indica nos documentos), pois estaban “descarnadas” e



Placa barroca do arco triunfal do presbiterio de Mira (XMLS)

apreciábase a súa estrutura de cachotería irregular. Varios albaneis da comarca (entre eles Guillermo Baña e Agustín Camafreita) seguiron traballando ata 1980.

Da igrexa anterior subsistiron ás reformas os nichos laterais da nave e o arco triunfal de ingreso á capela maior, de traza barroca do séc. XVIII. Temos documentados dous mestres de obras de Moraña (Pontevedra), Silvestre Diz e Afonso Diz -quizais pai e fillo- traballando entre 1730 e 1736 na nave. As cuadrillas de canteiros da Terra de Montes eran habituais pola comarca xa desde o séc. XVIII.

A fachada posiblemente é de finais do séc. XVIII. Está construída de boa cantería con pezas de bo tamaño e corte e presenta moi bo aspecto; no eixe vertical imaxinario que pasa polo centro superpóñense: unha porta alintelada, unha fiestra rematada en arco de medio punto, un óculo e unha espadana de dous arcos e dúas campás.



Interior da igrexa de Mira (foto XMLS)

Retablos e imaxes da igrexa de Mira

O **RETABLO DA CAPELA SUR** foi o **RETABLO MAIOR** do templo. Organízase en torno ó panel central, que é continuo de abaixo a arriba, da mesa do altar ó ático. Este panel, enmarcado por grandes columnas de orde composta con camafeos enmarcados en formas de rocallas nos fustes (as de abaixo) e formas vexetais moi simples (as de arriba), leva na parte inferior, protexendo o antigo sagrario, un pequeno templete que sobresaí en planta. Sobre el, un entaboamento liso dividido en bandas, sobre a que vai unha peza de lados combados que serve de peaña a unha imaxe da Virxe.

Os paneis laterais son de menor anchura có central; tamén van enmarcados por columnas de orde composta cos fustes ornados con camafeos e rocallas; prestan acubillos a fornelos rematados en arcos de medio punto, onde se sitúan imaxes de santos.

O retablo foi tamén da autoría -coma outros que xa citamos en Zas e Vilarpor Francisco Castro Agudín, o escultor de Sandrexo. Fíxoo en 1790 e trasladárase a Mira -nun carro, como é lóxico- en 1794. Cobrou polo traballo 3.380 reais. N o ano 1803, un pintor de Santiago, Salvador de la Peña, encargouse de darlle a primeira man de pintura.



Antigo retablo maior de Mira, da autoría de F. Castro Agudín (1790) [foto XMLS]

Co aquel das reformas arquitectónicas efectuadas na igrexa entre 1949 e 1972 o retablo cambiouse do seu lugar orixinal -o altar maior- para a capela sur, perdendo a súa condición de retablo sacramental. A traza é claramente neoclásica (predominio da horizontalidade sobre a verticalidade, cas cores apagadas imitando mármore etc.), pero cunha decoración aínda do barroco-rococó (os camafeos, as rocallas, as formas vexetais).

Preside este retablo, na parte superior, unha escenográfica **Anunciación da Virxe**: Maria, caracterizada coma unha mociña, que semella recibir un tanto asustada a inesperada visita do arcanxo san Gabriel, que aparece pola súa esquerda nunha nube erguendo o brazo dereito. As figuras -obra tamén, sen dúbida, de Castro Agudín- responden ás características do barroco: polo xogo lumínico nas dobras das vestiduras, pola impresión de movemento e, sobre todo, polo aire teatral que se lle quere dar á escena, con ese gran pano medio recollido que perfila os laterais do panel.

A Anunciación de María é a única imaxe que permanece no lugar que lle fora asignado neste retablo, pois as outras cambian de sitio segundo os gustos dos distintos párrocos. Por un inventario de 1904 sabemos que tamén tiñan un lugar as imaxes de santo Antonio, santo Eutelo e san Roque. Contra 1990 permanecían no sitio a Anunciación e san Roque, pero non os outros dous santos: no seu lugar introducíranse san Xosé, san Gregorio e santa Bárbara (Lema Suárez 1993-II: 474, 475). Na última visita que fixemos (2015) volvéranse cambiar de sitio todas as imaxes menos a titular, e no seu lugar volvérase poñer a santo Eutelo e introducírase a san Gregorio e a san Bartolomeu.

Limitarémonos, polo tanto, a salientar as características das imaxes principais con independencia de onde estean situadas no templo. A maior parte son do séc. XVIII e convida protexelas do perigo latente dos roubos nas igrexas.

Unha imaxe da **Inmaculada Concepción**, de máis de 1 m de altura, preside hoxe o altar maior (María sobre un trono de nubes e querubíns); trátase dunha imaxe de estilo ecléctico, seguramente feita nalgún obradoiro compostelán a mediados do séc. XX.

Santa Bárbara: unha imaxe duns 40 cm de altura, datada en 1763 e de estilo barroco; unha mociña vestida con túnica e manto que leva a palma do martirio nunha man e unha torre na outra (o seu atributo persoal); esta santa era avogada contra os raios das treboadas.

San Roque, secular avogado contra a peste: figura duns 70 cm de altura, posiblemente da segunda metade do séc. XVIII e de estilo barroco; viste roupas de peregrino a Santiago (as vieiras dos ombreiros) e a Roma (as chaves do sombreiro) e conserva ós seus pés as figuras do ano cos perfumes e o can co pan na boca. Non é a titular da ermida de San Roque do Monte, pois este foi roubada hai xa case vinte anos.

Santo Eutelo: figura duns 70 cm de altura dun home con vestiduras pontificais e tiara sobre a cabeza pola



A Anunciación do antigo retablo maior de Mira
(foto XMLS)

súa condición de papa; obra tamén de estilo barroco, do derradeiro terzo do séc. XVIII. Ó seu pés, un can (atributo particular en Galicia, por ser avogado contra a rabia).

San Xosé: pequena figura duns 50 cm de altura, que representa a un home de mediana idade, barbado, que sostén no brazo esquerdo o neno Xesús e no dereito ergue unha vara florida. Obra barroca da segunda metade do séc. XVIII.

San Gregorio: outra figura duns 50 cm de altura, que representa un home entrado en anos con vestiduras pontificais e tiara triangular de bispo. Obra barroca, pero neste caso da primeira metade do séc. XVIII.

Santo Antonio: figura de 70 cm de altura que representa a un frade franciscano imberbe e de ampla tonsura monacal; o seu atributo persoal é o neno Xesús que sostén no seu brazo esquerdo sobre un libro (para non tocar a divindade directamente coas mans). A imaxe está datada en 1757 e é de estilo barroco.

San Bartolomeu: figura de 60 cm de altura que representa a un home barbado de avanzada idade, vestido con túnica e manto, que leva na man esquerda un libro aberto (atributo xeral dos apóstolos) e na dereita un longo coitelo (o seu atributo persoal, polo seu martirio). Obra barroca, seguramente do segundo terzo do XVIII.

A Visitación de María á súa curmá Isabel: conxunto de dúas imaxes duns 60 cm de altura, de estilo barroco, do derradeiro terzo do séc. XVIII.

Hai outras imaxes, xa do séc. XX: santa Ana, santa Lucía, o Perpetuo Socorro etc.



Escena da Visitación (foto XMLS)

7. Os cruceiros de Mira

O máis sobranceiro é o **parroquial**, situado fronte á fachada da igrexa, nun campíño axardinado. De plataforma simple, de dous chanzos -con pousadoiro acaroado- o seu pedestal ten un longo varal que remata cun singular capitel de ábaco curvilíneo con cabezas de querubíns a cada lado.

A cruz, de sección circular e arbórea, ten a figura de Cristo crucificado no anverso: unha figura moi esvelta na que o escultor fixo un verdadeiro estudo anatómico, apreciable no tórax, no rostro e nas extremidades. No lado oposto, unha Virxe das Dores de menor tamaño.

Pensamos que é unha obra escultórica de estilo barroco, do séc. XVIII, sobre todo polo dramatismo da figura do crucificado. Seguramente é o cruceiro de 1772 do que se fala libro da Confraría do Santísimo de Mira e Follente; de ser así, o seu autor sería un canteiro apelidado Casanova (Laredo Cordonié / Lema Suárez 2012: 53-54).

Na parroquia de Mira hai outros seis cruceiros: dous en Follente (un con figuras, ó lado do pazo, e outro sen elas); outro na ermida de San Roque (sen figuras); outro na escola de Mira e dous en Gontalde (un deles no antigo campo da feira, datado no ano 1833).



Cruceiro do adro de Mira (XMLS)



Cristo do cruceiro do adro
(foto R. Mouzo Lavandeira)

8. A igrexa da ex-parroquia de San Pedro de Follente

Xa adiantamos que uns anos antes de 1870 a pequena parroquia de San Pedro de Follente quedou incorporada definitivamente a Mira. Como consecuencia disto, os seus fregueses negáronse a pagarlle ó párroco a confraría do Sacramento, cousa que alporizou moito ó crego, que escribiu ó arcebispo atribuíndo tal atrevemento popular ós tempos revolucionarios que naqueles momento se estaban a vivir en España (dous anos antes tivera lugar a revolución de setembro de 1868, encabezada polo xeneral Prim, que destronara a Isabel II). Como tamén dixemos, Follente seguiu funcionando como parroquia ata case a actualidade, coa súa misa dominical, as súas festas, etc. O último enterro que se fixo no seu camposanto foi a finais dos anos sesenta do pasado século.



San Pedro de Follente (foto EDR)

O certo é que as súas dimensións son moi reducidas: unha planta de salón conformada por un presbiterio cuadrangular (4 m de lado) e unha nave rectangular (7 x 5 m). Tamén contaba cunha sancristía (3,5 x 4), acaroada ó muro norte. Hai anos presentaba unha pobre cubrición a tellavá (coas trabes e tellas á vista) na nave e unha bóveda de canón na capela maior. Ten escaso interese arquitectónico: soamente a fachada, moi simple, de cantería, coroada por unha pequena espadana.

O retablo maior do seu interior, de estilo neoclásico, foi realizado en 1799 por un escultor de Santiago chamado José Antonio Lareu. Conta tamén cuns retablos laterais de estilo neogótico, do primeiro terzo do séc. XX.

9. A ermida de San Roque do Monte e as pitanzas de cregos e confrades

No alto da Costa de Zas érguese a **ermida de San Roque do Monte**, nun campión ó abeiro duns carballos e castiñeiros. O edificio que hoxe se conserva xa ten pouco interese arquitectónico, debido ás reformas que sufriu ó longo do tempo. Como curiosidade repárese na lumieira ou lintel da porta principal, unha peza monolítica que leva inscrita unha cruz de Malta.

Aquí celébrase unha concorrida romaxe popular en honra a san Roque, antano avogado contra a peste, o derradeiro sábado do mes de agosto. A confraría da ermida de San Roque do Monte Coroado (así consta en moitos documentos dos séculos pasados) foi creada por iniciativa dalgúns fidalgos da zona oeste de Xallas e do leste de Soneira no ano 1565: os señores das casas de Sas, Romelle, Sísere [sic] e as familias dos Figueroa, Pita, Leis, Soto, Montenegro, Romero, Caamaño etc. O mordomo tiña que ser fidalgo, e por moitos anos esta responsabilidade recaeu nos vinculeiros da casa de Follente. Os confrades, en principio, tiñan que ser, ademais de fidalgos, matrimonios; non admitían solteiros.

En certas épocas parece que mesmo houbo un anacoreta ou ermitán ó cargo da ermida neste lugar solitario. Polos documentos sabemos que este santuario recibía dos veciños da redonda moitos animais en ofrenda: almallos, vacas, cucas etc.

Aqueles confrades fidalgos que en 1606 redactaron nun castelán inzado de galeguismos -proba de que vivían en galego e só en galego- as Constitucións e Ordenanzas da confraría¹ parece que pretendían con esta asociación algo máis ca unha obra piadosa, pois nelas xa se especificaban as comidas no día da festividade e mais na véspera, pitanzas que estaban ben provistas como imos ver de seguido.



Cruceiro e ermida de San Roque do Monte Coroado (foto XMLS)

Eran as pitanzas, grandes comelladas que cregos e confrades organizaban para a festa dun santo ou santa. Os visitantes pastorais, escandalizados, intentaron suprimilas ou que se moderase o gasto, pero tardou en facerse, e non só nesta romaría. Este era o "menú" anotado polo mordomo da confraría para xustificar no libro os gastos do día da festa, un 24 de agosto de 1713. O entrante era suaviño: "pescado para la víspera [para os cregos, pois era

¹ Véxase o texto completo -e todas as referencias documentais seguintes- en Lema Suárez 1993-III: 556-574.

vixilia]”, pero o día da festa: "un buey, 124 reales [de custe], dos vacas, 174 rs., para la festividad; dos carneros, 15 rs.; tres cañados de vino, 270 rs.; un músico [un gaitero] y cocinero, 29 rs.". Obviamente, estes dous últimos non eran para comer...|

As cheas debían ser boas, porque no mesmo libro da confraría de San Roque, en 1712, o arcebispo compostelán advertía por medio do seu visitador pastoral que: "solamente se permite que se de comida a los clérigos que fueron llamados y convocados para la función, cuya comida sea muy moderada sin excederse de tres platos y el cocido..." Moito caso non se lle debeu facer á advertencia, pois outro visitador volve chamar a atención en 1721 a cregos e confrades porque

“hallando que, contra la prohibición puesta por el provisor de este arzobispado quando se aprobó las nuevas constituciones que mandó, pena de excomunión maior, no se diese comida a los cofrades, ni el cura la permitiese, se ha continuado en desprecio de lo mandado, y de las zensuras propuestas con un desorden tan perjudicial como se reconoce en las quantas, mandó su Ilma. que de aquí en adelante ni con el pretexto de ser para los sacerdotes se pase en quenta partida alguna a los mayordomos por razón de comida o bebida y que a los sazerdotes que hiciesen la función se les augmente dos reales de limosna a cada uno”.

Aínda que daquela os bispos ameazaban coa excomunión por calquera cousa que os importunase, o certo é que despois desta advertencia van arrefriando un pouco os gastos de comida. Pero unhas veces máis, outras menos, a loita continuaba. Contra o ano 1754 dálle outra vez a un visitador por berrar (que pesado!), e manda escribir o seguinte:

"Las quantas las halló tomadas hasta el año 1754, y de ellas consta no tener caudal existente alguno, antes bien se conoce el último maiordomo alcanzó a esta cofradia, la cual por ser de comida, manda S.I. no prosiga, antes bien se le dé, por convenir el servicio de Dios, y evitar varios escándalos que se semejantes funciones se siguen".

Corenta anos despois, outro visitador, o de 1791, recomenda unha vez máis tempero na comida, ordenándolle ó mordomo



Fonte da ermida de San Roque do Monte

da confraría que

"a los sacerdotes que asistieron a las dos funciones y vísperas por la tarde, doce rs., subministrándoles además por razón de desayuno una libra de pan, otra de baca, y un quartillo de vino, para que puedan guarcerse con aquella situación, y con este socorro se restituyan a sus casas, celando dicho cura no se cometan excesos, ni desórdenes algunos".

Finalmente, para demostrar (sobre o papel escrito, polo menos) que xa se vai tendo máis moderación na arte culinaria, en 1823 escríbese no capítulos de gastos:

"Gastose en la comida con los sacerdotes la bíspera que asistieron a la porcisión, ato de hermanos, bísperas y el día del santo, que fué y será una tasa de caldo, un quartillo de vino, un poco de carnero y tocino, que todo no pasó de sesenta reales".

A cousa foi quedando pouco a pouco máis comedida.

10. Mira e Follente nos textos históricos²

Como ata épocas relativamente recentes foron dúas as parroquias que conforman a actual Mira, neste apartado inclúiranse por separado os correspondentes a cada unha delas.

Ano 1592: As obrigas das dúas parroquias co conde de Altamira

Servizos de Santa María de Mira.- *“Un carnero por razón de lobo (e nolo matando) e real medio e matando el lobo aquel año son libres.*

Los vecinos de Mira, juntamente con el partido del Concexo de Cereixo, Trava y Nemancos, tres mil maravedís e de allí lo que les fuere repartido e cupiere prorrata. (...).

Traer el pan a la eira de Carreira e ayudarlo a majar e beneficiar e les darán de comer. (...). Ir al curro de Camelle ayudar a llevar el ganado (...). Ir a la cava de la ferraría (...).

Son del Conde el [ganado] mostrenco y colleitío que anduviesen en la feligresía descaminados (...).

En la feligresía no hay peones e que mandó los hubiere estan obligados hacer los mas servicios como los peones de la otras feligresias que atrás va apeado". [transcripción de Juan López Bermúdez, médico de Toba-Cee]

Servizos de San Pedro de Follente.- *Están obligados con las mas cuadrillas a correr los lobos (...), e nolos matando dar cada vecino un carnero de un año o real y medio*

Los que no son peones lanceros pagan cada año real e medio de servicio e los que son peones ir acompañar al Conde o su merino el día de Santo Adrao con sus lanzas y espadas y ellos les han de dar de beber y son libres quel día que no les tienen que prender sino es por delitos criminales.

Cuando se ofrece estar preso o prenden alguno a llevarlo e a cuidarlo e ir en su guarda hasta la fortaleza de Vimianzo y si fueren fuera de esta jurisdicción les han de pagar a costa de los bienes del preso o de la Cámara su trabajo.

Las viudas [pagan] dos gallinas o su valor.

Llevar el pan que coxiesen en Follente a la eira de Carreira e ayudarlo a cubrir, maxar, etc.

Cada vecino que muere [paga] una luctuosa.

Ir a limpiar la cava de la ferraría de la Puente del Puerto". [(transcripción de J. López Bermúdez)]

Ano 1607.- A descrición do visitador Jerónimo del Hoyo

SANTA MARIA DE MIRA.- *Esta felegresía tiene diez y nueve feligreses. Los frutos seis partes, las dos y un dezmero la cura y las tres la capilla de Mondragón y la sexta, por sincura collativa, Martín de Soto açipreste de Soneira, aquí vezino. Vale la parte del retor, con el anexo, trece cargas³ de pan. Presentación del Monasterio de Sar. La fábrica tiene de renta dies ferrados de trigo nueve de unas leiras y uno de una dotación.*

² En todos estes documentos antigos respectamos a ortografía do castelán da época, aínda moi caótica. Unicamente separamos as moitas palabras que no Catastro de Ensenada aparecen pegadas entre si para facer comprensible o contido.

³ Unha carga = doce ferrados de cereal.

SAN PEDRO DE FOLLENTE, ANEXO DE MIRA.- *Esta felegresía tiene doze feligreses. Los frutos tres partes: las dos y un dezmero lleva la cura y la terçia por sincura y fuero de San Martín lleva Gómez de Riobóo, lego. Vale la parte del retor con la caveça veinte cargas de pan. Presentación de San Martín y por él como su forero, Gómez de Riobóo. La fábrica tiene solo dos ferrados de trigo que se pagan de unas leiras y un terreno que anda usurpado.*

1753: no Catastro de Ensenada

Ambas as dúas freguesías pertencían a xurisdición de Vimianzo e eran acumulativas á xurisdición real de Soneira

“(…) que las nueve referidas fras. [feligresías] son parte delas mas que componen la Jurisdicion de Vimianzo y de el señorío de el Conde de Altamira quien posee la rregalia de poner Juez y escriuano de Numero en ella con (...) San Pedro de Follente, santa Maria de Mira (...) son acumulatiuas ala Jurisdición real de Soneira, cuio Juez conoce en ellas a preuencion de todas causas civiles y criminales”.

Da estreita relación que sempre houbo entre elas estanos a falar o feito de que o mordomo pedáneo que participou na elaboración do Catastro era o mesmo para as dúas parroquias, “Joseph de hespasandin” [sic, con h-], mentres que os peritos foron Juan de Castro e Domingo de Romar (Follente) e Antonio Fernández e Benito de Gándara (Mira).

En canto ós lindes das dúas parroquias dísenos o seguinte:

*“La Feligresia de **san Pedro de Follente** tiene de Levante a Poniente tres quartos de legua y de el Norte al sur medio quarto de legua y de circunferencia legua y media o jornada de tres oras, limita por el Leuante con la de san Julian de santa sauina, Poniente con la de San Andres deZas, Norte santa María de Mira, sur, san Adrian de el Castro.*

*La de **santa Maria de Mira** tiene de Leuante a Poniente media legua, de Norte a sur un quarto de legua y de circunferencia legua y media o jornada de dos oras, limita por el Leuante con la fra. desan Julian de santa sauina, Poniente con la de santa Maria de Lamas, Norte santiago de carreira, sur san Pedro de Follente”.*

Innumerables eran **as cargas** que tiñan que soportar os pobres labregos, tributos que lles tiñan que pagar ós nobres e ó clero:

*“En la fra. de **santa María de Mira** perciue el citado Conde [de Altamira] tan solamente delos Vecinos Domingo Rial, Joseph Piñeiro, Antonio fernandez y Domingo Dominguez, los seruicios de Carnero de el Lobo, Gallina de Dehesa y basallaje (...).*

*En la fra. de **san Pedro de follente** tan solamente los vecinos Domingo de Carril y Domingo Romar pagan los seruicios de Carnero de el Louo, Gallina de dehesa y el de Vasallaje y todos el de*

*Luctuosa quando como ba expresado acaece morir cabo de casa*⁴.

En la fra. de **santa María de Mira** asciende el dicho de Carnero de el Louo que pagan los ya expresados quatro vecinos a seis rr^s el de Gallina a quatro rr^s, el de Vasallaje a dos rr^s: el noveno de los Montes a veinte y quatro rr^s las penas de camara a ocho rr^x y el ganado Mostrengo a diez rr^s

En la fra. de **san Pedro de follente** el dicho seruicio de el Carnero de el Lobo que pagan los vecinos Domingo de Carril y Domingo Romar asciende a tres R^s, el de Gallina de Dehesa a dos rr^s de vellon; el de vassallaje a un real, el de Luctuosa a ochorr^s, las penas de Camara a quatro R^{es} y el ganado mostrengo a seis rreales.

(...) dijeron que los derechos que se hallan impuestos (...) son Diezmo, Primicia, Luctuosa, oblata y Voto y que los Diezmos se cobran y pagan de todos los frutos en manojos de trigo, Centeno, Mijo, Maiz, corderos cabritos Lino y Lana (...) que las Primicias en estas feligresías las pagan los vecinos en esta forma: los labradores que labran con yunta de Bueyes pagan dos ferrados de Mijo, Maiz y dos ferrados y diez y ocho cuartillos de trigo y los que labran con yunta de Buei y Baca un ferrado de Mijo Maiz y un ferrado y nueve cuartillos de trigo y de oblata en cada una de estas feligresías paga cada vecino medio ferrado de trigo.

*(...) y en la de **santa María de Mira** perciuen los diezmos de por mitad el cura Parroco; y el Marques de santa Cruz aunque de lino Lana y ganados menores lo hace enteramente el cura parrocco como dela Primicia, Luctuosa y oblata.*

(...) En la de san Pedro de follente perciuen los Diezmos Primicias y Luctuosa el Cura Parrocco y el Convento de san Martin de Santiago en esta forma este la tercia parte y el Cura Parrocco las dos tercias partes y la oblata enteramente.

*(...) y en la de **Follente** (..) y **Mira** pagan asimismo, por el expresado Boto medio*



A igrexa de Mira e o núcleo urbano de Zas, desde o Pico de Meda (foto XMLS)

⁴ O tributo da *loitosa* consistía en que, cando morría o cabeza dunha familia labrega (“cabo de casa”), a viúva tiña que pagarlle ó señor do dominio a mellor peza de catro pés: boi, vaca ou cabalo. A familia quedaba na miseria.

ferrado de centeno.

*En la fra. de **Mira** dijeron ascenderan los Diezmos a mil y ocho cientos reales vellón; las primicias a trescientos setenta y seis rr^{es}, la oblata a ciento y diez y seis R^s de v^{on}, la luctuosa a veinte rr^s vellón y el Boto a cinquenta y seis rr^s según posterior mente le trajo Patricio de tembra.*

*En la fra. de **san Pedro de Follente** dijeron ascenderan los Diezmos anual mente a setecientos y cinquenta R^s de vellon; las Primicias a quarenta y ocho reales vellón, la oblata a cinquenta y quatro reales vellón. La Luctuosa veinte rr^s vellón y el Boto a treinta y dos reales (...).*

Por se fose pouco aínda quedaba o que lle había que pagar ó rei:

*“(...) pagan anual mente a su Magestad por rrazon de servicio hordinario y extraordinario sisas, cientos y millones lo siguiente: (...) En la fra. de **santa María de Mira** de servicio hordinario y extrahordinario diez yocho rr^s de sisas cientos y millones setecientos y cinquenta rr^s = En la de **san Pedro de Follente** de servicio hordinario y extraordinario nueve rr^s y por los mas ramos ducientos y quarenta reales”.*

En relación ós **cultivos** existentes na época e á rotación dos mesmos ou o gando que se criaba temos que:

*“(...) que hai como heruales, Pastos y Guertos de secano y por lo rregular en todas las expresadas Poblaciones hai las especies de sembradura de Maiz, trigo centeno, Lino Nauos, alcacen, tojares, montes que se estiudadan y otros incultos por naturaleza, y en las fras. de **san Pedro de follente** [y] la de **santa Maria de Mira** (...) hai algunos Robles, Pinares y Dehesas de su Magestad (...).*

(...) el ferrado de sembradura de primera Calidad se siembra un año de Maiz y produce quatro ferrados y medio de la misma especie y alzado este se siembra de trigo y produce quatro ferrados y cogido este fruto se siembra el mismo de Alcacer y el año siguiente se siembra de Lino y producen cinco lagueiros de que se sacan cinco efusales, y de Linaza la que se echo ala tierra y alzado este fruto se siembra de Nauos y en esta conformidad prosiguen los masaños con advertencia que dichos productos los da el expresado ferrado de tierra en espacio de tres años(...).

(...) dijeron que las especies que hai en dichas poblaciones son (...) Bueis, Bacas; ouejas, Carneros, Cabras y algunas yeguas, Potros y Potrancas que tienen en los montes la maior parte del año (...).

Neste detallado catastro non podía faltar a relación de **muíños** que había en cada parroquia, mesmo quen era o propietario do **forno de cocer tella** que había na de Mira así como a gran cantidade de **colmeas** que posuían os seus veciños.

*“En la fra. de **Mira** hai cinco Molinos arineros piedras negras sobre el rio de Mira con el que muelen el uno llamado Gontalde diez meses al año por canle y propio de Manuel de souto y consortes (...); ôtrollamado de Arrieiro diez meses al año, por canle propio de Benito Blanco (...); otro llamado de Mira todo el año por canle propio de Andres Garcia y consortes (...); otro llamado de Antón por cubo todo el año propio de Dⁿ Federico Romero⁵ vz^o de dsⁿ Pedro de Follente (...) y otro llamado Raton asi mismo todo el año por cubo propio de Joseph hespasandin (...).*

⁵ Federico Romero era o señor do pazo de Follente.

*En la feligresia de **san Pedro de follente** hai un molino llamado de Follente sobre el rio de este nombre con el que muele seis meses al año (...) y es propio de don Federico Romero (...). Y los Peritos dela fra. de **Mira** dijeron hai tamuien enella unhorno de fabricar teja sito en el Monte de Reborido propio de Manuel de souto y consortes.*

*(...) dijeron hai las colmenas siguientes (...) enlafeligresia de **santa María de Mira** Beito blanco tiene honze Colmenas, Domingo Garcia una, Francisco Vilariño dos, Joseph Hespasandin, siete, Pedro castiñeira quatro y Roque vilariño diez y siete [en total: 42].*

*(...) y en la fra. de **san Pedro de Follente**, Antonio hespasandin tiene una Colmena, Antonio torrado dos, don Federico Romero veinte, Ignacio ventin una, Joseph hespasandin diez yseis, Juan de Castro una y María de Lema tiene una Colmena [en total, outras 42].*

Daquela non existía aínda a que despois sería chamada Feira Nova de Gontalde:

“en ninguna de las diez poblaciones (...) hai Mesones, Tiendas, Panaderias, Carnicerias, Puentes, Barcas sobre Rios, mercados, ferias ni otra utilidad alguna”.

Mira tiña 42 veciños e Follente 19; todos labregos, a non ser o fidalgo da Casa de Follente. Había algúns individuos con outros oficios e ocupacións: na de Mira, Joseph Moreira tiña una taberna arrendada, Domingo de Arantón era ferreiro, Francisco Vilariño era xastre, Patricio de Tembra (“vecino de Santa María de los Angeles”) era arrendatario do Voto [a Santiago]; na de Follente só aparece Patricio de Tembra como arrendatario do voto. Na de Mira tamén se citan sete pobres de solemnidade: Antonio Oreiro, Joseph Fariña, Juana de Lema, Joseph Varela, María Suárez, Mariana Blanco e María Gómez.

No Diccionario de Pascual Madoz (c. 1847)

MIRA (SANTA MARIA DE): felig. en la prov. de la Coruña (9 leg.), dióc. de Santiago (7), part. jud. de Corcubion (5 ¼) y ayunt. de Zas (1/4): SIT. en la falda occidental del Pico de Meda; CLIMA frio pero sano. Comprende los l. de Gontalde, Mira y Teijidor, que reúnen 30 CASAS pobres, y varias fuentes de buen agua potable. La igl. parr. (Sta. Maria) es matriz de San Pedro de Follente; el curato de primer ascenso y el patronato ordinario. El TERM. confina por el N. con el de Santiago de Carreira; al E. con el mencionado Pico de Meda; por el S. con su citado anejo, y por el O. con San Andres de Zas. El TERRENO es montañoso pero participa de llanos y cañadas que destinan al cultivo; la bañan varios arroyos que se dirigen al NO. á desembocar en el Río del Puerto. Los CAMINOS son locales y malos y el CORREO se recibe de Zas. PROD.: maíz, centeno, algún trigo, patatas y legumbres: cria ganado prefiriendo el vacuno; hay caza y la principal y única IND. es la agrícola. POBL.: 28 vec., 123 alm. CONTR. Con su ayuntamiento.

FOLLENTE (SAN PEDRO DE) felig. en la prov. de la Coruña (10 leguas), dióc de Santiago (6 1/2), part. jud de Corcubion (5 1/2), y ayunt. de Zas (1/2) SÍT. entre los montes Pico de Meda y el Brondo sobre el camino que desde Zas se dirige á Puente-Tapla; CLIMA templado y sano: tiene 14 CASAS en los L. de Foliente y Resende que cuentan con fuentes de buenas aguas. La igl. parr. (San Pedro) es anejo de Santa María de Mira en el arciprestazgo de Soneira. El TÉRM. confina por N, con el de su mencionada matriz; al E. con las ramificaciones meridionales del Pico de

Meda; al S. con San Martín de Meano, y al O. San Adrián de Castro. El TERRENO es montañoso, pero disfruta de llanos y laderas destinadas al cultivo. El CAMINO de que se ha hecho mérito es mediano, y el CORREO se recibe por la cap. del ayunt. PROD centeno , patatas, algún - maíz, legumbres y pastos; hay ganado y caza, POBL. 15 vec, 98 almas CONTR. con su ayuntamiento.

Gontalde tivo unha feira durante máis de cen anos (séculos XVIII-XIX)

No lugar de **Gontalde** celebrábase unha feira, coñecida como a Feira Nova, que xa se tentara suprimir en 1798, en base a un informe dun deputado do daquela aínda chamado Reino de Galicia, posiblemente por ter escasa concurrencia: "[Que se suprima] la de la jurisdicción de Vimianzo, que se hace en la feligresía de Sta. María de Mira y llamada Feira Nova" (Fraguas 1968: 210). Hai que ter en conta que levaba moi poucos anos funcionando toda vez que no Catastro de Ensenada (1753) disenos textualmente que non hai en Mira ningunha feira. Pero a celebración mantívose ó longo de todo o séc. XIX, ata que en 1904 a Corporación municipal acorde o seu traslado ó Campo do Carme de Zas, por ser este un sitio máis céntrico e mellor comunicado:



Gontalde, desde o Pico de Meda (foto EDR)

"Diose cuenta de la instancia suscripta por gran número de vecinos de este Ayuntamiento é inmediatos, pidiendo la traslación de la feria que actualmente se celebra en la parroquia de Mira, lugar de Gontalde, conocida con el nombre de Feria Nueva, el jueves anterior al último domingo de cada mes, a la parroquia Capital del Ayuntamiento y campo llamado del Carmen a orilla de la carretera de Santa Comba a Bayo, punto que ofrece indudables ventajas sobre el anterior del que solo dista dos kilometros, ya por ser más céntrico ya por tener carretera que facilita la concurrencia de feriantes.

La Corporación estimando razonables y justas las razones expuestas por los solicitantes acuerda acceder a sus deseos y efectuar la traslación de dicha feria al punto indicado y en el mismo día en que se celebra la existente, debiendo tener lugar la primera el próximo mes de Abril" (Año 1904; Actas do Concello de Zas).

Os datos de Carré Aldao (c. 1928)

“Santa María de Mira, de entrada y presentación de la Corona. Hállase en la falda occidental del Pico de Meda y está bañada por varios arroyuelos que desaguan en la margen izquierda del río do Porto. Se sirve de la carretera a Fisterra, que pasa por su anexo de Follente. Hay las aldeas de Gontalde, Rosende y Teixidón, y los dos grupos de Mira y Ventoselo, con 239 habitantes de hecho y 246 de derecho, ocupando 70 edificios.

San Pedro de Follente, anexo de Mira. Hállase en las ramificaciones meridionales del Pico de Meda, teniendo al S. el monte Brondo y sus aguas van a la margen derecha del río Zas. Cruza por ella la carretera a Fisterra. Sus dos aldeas Follente y Rosende con el grupo menor Costa, suman 121 habitantes de hecho y 132 de derecho, con 37 viviendas. En el Nomenclátor de 1920 está incluida en la parroquia matriz de Mira” (E. Carré Aldao, en Geografía de Galicia, de Carreras Candi, c. 1928].

11. O antigo pazo de Follente: dos Pérez de Antelo ós Loriga

Na zona leste da pequena igrexa de Follente álzase unha longa casona rectangular cunha galería corrida na planta alta orientada cara ó oeste. Trátase dunha ampla casa de nova planta que hai xa bastantes anos se ergueu sobre as ruínas do desaparecido antigo **pazo de Follente**, do que unicamente nos queda na súa parede norte -sobre un fermoso balcón de ferro sobre canzorros- o escudo, no que se distinguen as armas dos Figueroa (cinco follas de figueira), dos Leis de Mórdomo (un piñeiro e un brazo que empuña unha espada), dos Caamaño (un piñeiro e cinco lanzas a cada lado) e outras de familia descoñecida.

No séc. XVII foi señor do desaparecido pazo Felipe Pérez de Antelo, emparentado coas casas de Xora (Treos) e de Carrabete (Serantes-Laxe). O seu sucesor foi o seu fillo Vasco Romero de Caamaño -os fidalgos tiñan o privilexio de escoller outro apelido se non lles gustaba o propio-, que casou con Jacinta de Lema e Carantoña, filla de Martiño de Castiñeira (Boallo-Berdoias). Fillo deles foi Federico Romero de Caamaño, e unha das fillas deste, Josefa, casaría con Agustín de Pazos, fidalgo do Aplazaduiro (Nande); a outra, María Inés Romero de Caamaño, enlazou, a principios do séc. XIX, con Juan Vicente Loriga, do pazo de Sobrecarreira (Sigrás-Cambre). O herdeiro dos dous pazos foi Domingo Loriga Romero, que casaría con Josefa Reguera, a quen sucedeu Antonio Loriga Reguera, un dos poucos fidalgos de ideoloxía liberal en Galicia, que foi Xefe Político da Coruña no Trienio Constitucional (1820-1823); foi este o amigo e correligionario do matemático e cartógrafo Domingo Fontán, de quen falaremos a continuación. Continuaría despois a liñaxe ó longo do séc. XIX por Santiago Loriga, a súa filla Julia Loriga etc. Na liñaxe desta familia tamén aparece o matemático Durán Loriga.


Nalgún momento do séc. XX derrubouse o antigo pazo de Follente e transformouse na actual casona de galería alta; quizais na época en que se fixo con ela por compra o médico de Follente Ramón Suárez. A súa descendente Marisa Suárez, concelleira municipal durante varios anos, foi a última propietaria coñecida.



Balcón e escudo da Casa de Follente (XMLS)

12. Follente (1823), un dos puntos de partida do primeiro mapa moderno de Galicia: a carta geométrica de Domingo Fontán

No ano 2012 o investigador brasileiro Vítor Hugo Brandalise atopábase en Galicia iniciando un ambicioso proxecto, *El primer rostro de Galicia*, cunha bolsa de *La Voz de Galicia*, que consistía en seguir a ruta que fixera o insigne matemático e cartógrafo galego **Domingo Fontán** (1788-1866) para levar a cabo a *Carta Geométrica de Galicia*, o primeiro mapa moderno de Galicia, pois cos rudimentarios métodos de que dispoñía foi quen de lle dar á nosa terra un perfil que practicamente coincide co actual. Fontán, un dos selectos persoeiros que están enterrados no Panteón dos Galegos Ilustres na igrexa de San Domingo de Bonaval en Compostela, era discípulo de José Rodríguez ('o matemático Rodríguez'), de quen recibira o encargo de levantar este mapa da nosa terra en base á triangulación xeodésica, o sistema de medición co que se deseñara o mapa de Francia tempo atrás.



Retrato de Domingo Fontán e reprodución a escala da súa *Carta Geométrica de Galicia* (1834)
[www.historiadegalicia.gal]

En 1817 Fontán, en solitario, empezara a dar os primeiros pasos para este traballo. O único medio de desprazamento posible por camiños e corredoiras infames era o cabalo. As primeiras estacións xeodésicas para a medición do territorio galego establecéraas nun lugar de Ordes e na Torre do Reloxo da catedral de Santiago. Para cartografar Galicia aproveitou os avances científicos chegados de Francia, e estableceu unha rede xeodésica sinalando diversos puntos de medición con todo tipo de cálculos astronómicos, para os que

botou man de instrumentos cedidos pola Universidade de Santiago e adquiridos en París e Londres.

Despois de se ver obrigado a superar múltiples contratempos burocráticos -debidos ás represalias políticas dos ultraconservadores da época, os absolutistas monárquicos, pola súa ideoloxía liberal (chegaron a quitarlle a súa cátedra da Universidade de Santiago)- conseguiría rematar o seu mapa dez e oito anos despois, en 1834, pero aínda tivo que esperar a 1845 para velo impreso, e para iso tivo que se desprazar a París, porque en España non había medios. Esta obra foi o primeiro mapa topográfico e trigonométrico feito en calquera dos territorios de España con métodos científicos e medicións matemáticas.

A sorpresa está en que un dos primeiros puntos escolleitos para iniciar a medición de Galicia foi a Terra de Soneira e, en concreto, o pazo de Follente. Nada sabíamos tampouco os que asinamos esta información que Follente fora un dos primeiros puntos de partida -o cuarto⁶- para a medición de Galicia ata que en setembro de 2012 estableceu contacto connosco -e con Xan Fernández Carrera- o citado investigador V.H. Brandalise, para que o acompañásemos a facer os primeiros pasos da ruta soneirá e da Costa da Morte marcada polo caderno de campo do ilustre cartógrafo e matemático.

Fontán en Follente (decembro de 1823)

A escolla do pazo de Follente por parte de Fontán fora debida a que o seu dono era o seu amigo Antonio Loriga Reguera, que fora Xefe Político (gobernador) de Galicia durante o Trienio Liberal (1820-1823); polo tanto, de ideoloxía liberal coma el. Con anterioridade, en 1816, Fontán xa fixera unha práctica inicial noutro pazo de Loriga, o de Sobrecarreira, situado en Sigrás (Cambre).

Así nos relata Vítor H. Brandalise⁷ a estadia de D. Fontán en Follente, durante a cal por forza se tivo que hospedar na mansión do seu amigo e correlixionario Antonio Loriga:


“Terminado o traballo na Terra de Melide, o cartógrafo volveu a Santiago, con idea de retomar a cátedra de Matemáticas Sublimes. Mais o que viviu foi un grande desgusto: o absolutismo de Fernando VII fora restablecido e Fontán, que facía parte do goberno liberal, foi castigado. Perdeu a súa cátedra na Universidade de Santiago. El indignouse e, máis tarde, escribiría que o seu traballo nada tiña a ver con política.

(...) O científico, que comezou os seus estudos de Filosofía na Universidade de Santiago aos 12 anos e que aos 25 xa era profesor, agora perdía o dereito de pasar por aquelas portas. (...) Agora oficialmente desempregado, só lle quedaba ao cartógrafo de 35 anos dedicarse ao seu mapa. En días de persecución aos liberais era indicado actuar con prudencia. A solución foi buscar refuxio, en decembro daquel 1823, entre os amigos de sempre. Fontán regresou ao norte e chegou á Terra de Soneira. (...).

⁶ Véxanse todas as rutas do caderno en V. H. Brandalise (2012): “Tralos pasos de Fontán”, revista *Murguía* nº 26, p. 47.

⁷ Vítor Hugo Brandalise recibirá en 2013 por este artigo publicado na *Revista Murguía* nº 26 un premio da Sociedade Económica de Amigos del País de Santiago. Despois regresou ó seu país, O Brasil, onde exerce actualmente (2017) como xornalista do xornal dixital *Estadão*. Tamén é escritor, e hai pouco publicou un relato titulado *O último abraço: uma história real sobre a eutanásia no Brasil* (<http://www.blogdaeditorarecord.com.br/2017/03/02/o-ultimo-abraco-de-vitor-hugo-brandalise/>)..

Comezou as súas medicións por alí na pequena aldea de Follente, aos pés do Pico de Meda. Novamente, non foi por acaso. E Fontán indica iso xa no principio da primeira páxina do seu caderno de campo número 7: “Casa del sr. Loriga, en Follente, el 15 de diciembre de 1823”. Outra vez, a camiñada do cartógrafo comezaba polo pazo –outro pazo⁸– de Antonio Loriga y Regueira, ex-xefe político da Deputación de Galiza, que estudaba que rumbos tomar despois da extinción da entidade. A escolla da nova ruta de Fontán, a cuarta desde que comezara o seu traballo, non se debeu á proximidade de montañas de referencia ou de vales de ampla visión, senón porque era o lar dun vello compañeiro de loita.



Follente no caderno de campo de Domingo Fontán (foto inédita cedida por V.H. Brandalise)

Era realmente importante estar entre amigos nestes días: o xefe militar do Trienio Liberal, Rafael de Riego, fora aforcado en novembro daquel ano, un mes antes das andanzas de Fontán pola Terra de Soneira. Outro detalle interesante desta ruta é ter sido realizada no inverno, xusto en decembro,

⁸ O anterior, como xa dixemos, fora o de Sobrecarreira (Sigrás), en 1816.

período en que non acostumaba escalar os montes. O máis probábel é que Fontán fose pasar un período no pazo do compañeiro político e, carretando consigo os seus instrumentos e contando con boas condicións meteorolóxicas, resolverse adiantar o traballo pola Costa da Morte.

A partir da propiedade de Loriga, o cartógrafo avistou boa parte dos puntos que iría percorrer nos días seguintes, sempre co Pico de Meda (...) como principal referencia na paisaxe. Seguindo polo vello camiño real de Santiago a Vimianzo, por Tines e Salto, e non por Baio como a estrada actual, Fontán cruzou a ponte medieval de Vilar en dirección á igrexa de Tines. Avistou os montes de Treos e o Pico de Meda, como se ve aínda hoxe.

O cartógrafo entón comezou a dirixirse ao litoral. Antes, parou tamén na ermida do Monte Torán, pico non moi alto, de apenas 222 metros de altitude, na parroquia de Santo Amedio de Bamiro. Hoxe, está cuberto por eucaliptos e piñeiros que impiden case totalmente a visión a partir de alí. Xa non parece un punto propicio ao traballo dun xeógrafo –pois onde Fontán apuntou o “Monte Fornelos” e o “Alto de San Bartolo” hoxe xa non se ve nada. (...)

No camiño ao mar, o cartógrafo parou para facer medicións na Torre de Vimianzo, histórico castelo dos Moscoso de Altamira, hoxe transformado en museo. Fontán tamén estivo no monte San Bartolo, xa naquel 15 de decembro. (...). (Brandalise 2012: 41 e ss.).

As notas do caderno de campo redactadas no pazo de Follente sêvenlle a Brandalise para desmentir que Fontán “ignorara o mar” no seu mapa, tal como se viña afirmando, e que se baseara nas cartas náuticas de Vicente Tofiño (de entre 1783-1789) para debuxar os entrantes do litoral galego.


“O paso de Fontán polo litoral da Terra de Soneira (...) desmonta facilmente esa teoría. Soamente nesta ruta, de 11 puntos percorridos en cinco días, dous estaban moi próximos ao mar. O primeiro punto onde estivo o 17 de decembro de 1823 é a ‘Peña del Cabo Vilaño’, o penedo do Vilán, en Camariñas (...). Desde alí avistou o Santuario da Virxe da Barca, en Muxía (...). Outro punto da costa percorrido polo cartógrafo no mesmo día foi a ermida de Nosa Señora do Monte, alí ao lado (...)” [Brandalise 2012: 43].

Isto quere dicir que empezou a estudar a costa galega na Terra de Soneira, o cal acrecenta a importancia da súa breve estadía no pazo de Follente a finais de 1823.

Casa del Sr. Loriga 1
en Follente el 15 de Diciembre
de 1823.

Pico de Meda y el de la
Daneira 30 50'
Daneira $1\frac{1}{2}$ y l. elem^{te} de Toront. 24 7
y Miva 8 28 48
y Lamar $1\frac{1}{2}$ ó $2\frac{1}{2}$ 49 37
y cap. de M. Torán 65 58

Follente no caderno de Fontán (detalle) [foto inédita cedida por V.H. Brandalise]



En resumo: Domingo Fontán escolleu Follente como un dos primeiros lugares de Galicia -o cuarto- para iniciar o que logo sería o noso primeiro mapa moderno (a *Carta Geométrica de Galicia*, que remataría en 1834). Ademais diso, este pequeno lugar e, en concreto, o antigo pazo do Sr. Loriga, foi o punto de partida non só para o estudo da xeografía da Terra de Soneira -ben que se preocupou de sinalar no mapa a comarca- senón da Costa da Morte en xeral e de toda a costa galega.

Sería importante que o Concello de Zas colocase **algún sinal indicativo**, una placa ou un monólito, no espazo que se ve na foto para que se teña coñecemento da estadia do primeiro gran cartógrafo galego no antigo pazo de Follente, na última quincena do ano 1823. Trátase de lembrar un feito importante para a Historia de Galicia: o coñecemento real “do seu rostro”, como indicaba V.H. Brandalise.



Fontán empezou en decembro de 1823 a 4^a ruta para o seu mapa de Galicia no antigo pazo de Follente. Sería bo situar por aquí un sinal indicativo que o recordase. [foto XMLS]

13. Festas de Mira e Follente

A **parroquia de Mira** ten moitas festas. Seguindo unha orde cronolóxica, temos primeiro a de **Candeas** ou de **Santa Ana** (2 de febreiro), santa que é invocada para que as vacas dean moito leite. É a festa propia das filloas, que se celebra na actualidade cun pequeno xantar na casa. Antes levaban as candeas á misa; ten habido festa ó aire libre, pero desapareceu.

A **Virxe do Perpetuo Socorro** ten a festa o 15 de maio. Segue tendo novenario. Veu sendo a festa das primeiras comunións.

O día 24 de xuño celébrase a festa do **Sacramento**. Antes a procesión ía deica o cruceiro que había na beira do río en dirección a Follente, pero en 1993 trasladárono cerca do outro que hai fronte á casa da escola. No mesado deste cruceiro pousaban o Santísimo (que ía cuberto do palio), ó que se lle presentaban ofrezas. Todo o traxecto estaba cuberto con espadanas que logo os veciños levaban para as súas casas por estaren bendicidas. Xa hai moito tempo que non ten verbena, sendo os tres gaiteiros de Muíño os últimos que tocaron nela. É unha das festas principais da freguesía; nela xúntanse as familias para faceren un bo xantar.

O día 25 de xuño é a festa de **santo Antón**, avogoso para atopar animais desaparecidos. Ten misa solemne. O 9 de setembro, **santa Bárbara**, protectora contra tronos e raios.

O 13 de setembro, a **Virxe de Fátima**. O día da festa pola mañá había misa e pola tarde cánticos; despois daba a volta en procesión por todas as aldeas.

O 8 de decembro é a festa da **Inmaculada**, a patroa da parroquia. Na misa grande cantábase o himno parroquial (hoxe xa non); ten habido novenario e verbenas, pero hoxe ningunha das dúas cousas.

O 13 de decembro, **santa Lucía**, que seica ten unha reliquia gardada nunha caixiña parecida a unha hostia. Ten misa solemne e procesión que vai da igrexa ó cruceiro que hoxe hai xunto á escola.

Había unha serie de festas que se celebraban na **antiga parroquia de Follente**, e que agora, co feito de que se trasladaron a Mira todas as funcións relixiosas, tamén pasaron todas elas. De todos os xeitos, os veciños de Follente seguen a celebrar algunhas festas como propias algunhas festividades, o que demostra o apego que ten popularmente a parroquia galega.

O 29 de xuño é a de **san Pedro**, o patrón desta antiga freguesía. Ó día seguinte, o 30 de xuño, celebran a da **Inmaculada** (repárese que non é o mesmo día que a da igrexa de Mira). Pola contra, a festa de *santa Lucía* celébranse o mesmo día que a de Mira (13 decembro).

A principal das festas da actual parroquia de Mira, a de **san Roque do Monte**, estaba dentro do territorio da ex-parroquia de Follente. A súa romaría víñase celebrando o 24 de agosto ata hai algúns anos, que se pasou ó último sábado dese mes, na súa propia ermida da aba da serra do Pico de Meda. Santo que se invoca contra as enfermidades (e antes contra a peste). Ata hai uns trinta e pico de anos (por 1970) levábanse as

vacas á procesión, pero como deixaban o campo bastante porco, o crego daquela época (don Juan) non permitiu que se levasen máis. A ermida ten fonte de dous canos, un baixo a advocación de san Roque, e o outro baixo a de san Bartolomeu (que ten a súa ermida non moi lonxe, na parroquia xalleira de Santa Sabiña). Hai xa bastantes anos fora roubada a imaxe de san Roquiño pequeniño, que se gardaba na ermida. Dentro dunha urna redonda, pequeniña e dourada -que a xente bica o día da festa- hai algo semellante a un óso, que pasa por ser unha reliquia do santo. Nos últimos anos estase a recuperar a importancia que tivo como festa de merendas, e o día da romaxe acoden ó campo familias enteiras e membros de asociacións culturais e de veciños, de Mira, Carreira e doutras parroquias da redonda.

14. Inventario dos bens do patrimonio da parroquia de Mira (segundo o PXOM)

Arquitectura	Arqueoloxía
1.- Igrexa parroquial 2.- Capela de San Pedro de Follente 3.- Ermida de San Roque do Monte 4.- Cruceiro do Igrexario 5.- Cruceiro da ermida de San Roque 6.- Cruceiro de Follente 7.- Cruceiro da escola 8.- Cruceiro en Gontalde 9.- Casa reitoral 10.- Pazo de Follente 11.- Casa, alpendre e hórreos (Rosende) 12.- Casa, alpendre e hórreo (Teixidón) 13.- Casa, alpendre e hórreo (Teixidón) 14.- Casa, alpendre e hórreos (Igrexario) 15.- Lavadoiro na ponte Gontalde 16.- Muíño da casa do Muíño (Muíño de Luis) 17.- Conxunto de tres muíños e un mazo (forxa). Teixidón 18.- Muíño Artón (Teixidón) 19.- Muíño en Gontalde 20.- Muíño en Follente 21.- Hórreos en Teixidón	22.- Mámoa da ermida de San Roque 23.- Mámoa da Pedra Branca

15. Bibliografía básica

- BRANDALISE, V.H. (2012): “Tralos pasos de Domingo Fontán”, *Revista Murguía* nº 26, xullo-décembro.
- CABEZA QUILES, F. (2008): *Toponimia de Galicia*; Ed. Galaxia, Vigo.
- CABEZA QUILES, F. (2014): *A toponimia celta en Galicia*; Ed. Toxostoutos, Noia.
- “Carta Xeométrica de Galicia”
https://gl.wikipedia.org/wiki/Carta_xeom%C3%A9trica_de_Galicia
- “Domingo Fontán” (https://gl.wikipedia.org/wiki/Domingo_Font%C3%A1n).
- FONTÁN, Domingo (1834-1845): *Carta Geométrica de Galicia dividida en sus provincias presentada en 1834 a S.M. la Reina Gobernadora Doña María Cristina de Borbón (...) levantada y construida en la escala del cienmilésimo por el Dr. D. Domingo Fontán, Director del Observatorio Astronómico de Madrid, Diputado á Cortes, Individuo de la Academia de la Historia y de la Sociedad de Geografía de París, ex-profesor de Matemáticas Sublimes y de Mecánica Industrial en la Ciudad de Santiago. Grabada bajo la dirección del Autor en 1845 por L. Bouffard*; París.
- FRAGUAS FRAGUAS, A. (1968): “Emplazamiento de ferias en Galicia”, en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, tomo XXIII, fasc. 70.
- LAREDO CORDONIÉ, J.M^a e X.M^a LEMA SUÁREZ (2012): *Os cruceiros máis sobranceiros da Costa da Morte. I. Bergantiños Occidental e Terra de Soneira*; Seminario de Estudos da Costa da

Morte; Vimianzo.

- LEMA SUÁREZ, X.M^a (1993): *A Arte Relixiosa na Terra de Soneira* (tomos II e III); Fundación Universitaria de Cultura; Santiago de Compostela.
- LEMA SUÁREZ, X.M^a (2001).- *Os mellores pazos da Costa da Morte*; Asoc. Neria, Santiago.
- LEMA SUÁREZ, X.M^a (coord. e dir.) e outros [E. DOMÍNGUEZ RIAL, X. FERNÁNDEZ CARRERA, R. MOUZO LAVANDEIRA e X.M^a REI LEMA] (2010): *A Terra de Soneira, no corazón da Costa da Morte*; Edicións Xerais de Galicia, Vigo.
- MARTÍNEZ-BARBEITO, C. (1986): *Blasones y linajes de la provincia de La Coruña*; Ed. Everest, León.
- SORALUCE BLOND, J. R. e X. FERNÁNDEZ (directores) [1998]: *Arquitecturas da provincia da Coruña. Vol. X. Comarca de Terra de Soneira e Xallas: [concellos de] Camariñas, Mazaricos, Santa Comba, Vimianzo e Zas*; Departamento de Composición da Universidade da Coruña / Deputación da Coruña.

Outras obras de carácter xeral:

- CARRÉ ALDAO, E. (c. 1928): *Geografía General del reino de Galicia* (dir. por F. Carreras i Candi), vol. VI; Barcelona.
- CATASTRO DEL MARQUÉS DE LA ENSENADA (<http://pares.mcu.es/Catastro/>).
- HOYO, J. del (1952): *Memorias del Arzobispado de Santiago (1607)*; edición de A. Rodríguez e B. Varela Jácome; Porto Editores, Santiago.
- MADOZ, P. (1845-1850): *Diccionario Geográfico-Estadístico-Histórico de España y sus posesiones de Ultramar*; Madrid.